

1 Completa as oracións coas seguintes palabras: infecciosas, sanitaria, vida, contorno.

- A saúde depende de factores persoais, do contorno, do estilo de vida e do grao de atención sanitaria.
- As enfermidades poden ser infecciosas e non infecciosas.

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

2 Escribe dous exemplos de hábitos saudables e dous de hábitos non saudables.

- POSIBLE RESPONSA:
- Saudables = durmir entre 8 e 10 h/día. Facer exercicio regularmente.
- Non saudables = comer moitas "chuches", levar a mochila moi cargada ou nun só ombreiro.

Valor da resposta correcta 2 ptos. Puntuación obtida

3 Indica a que partes do organismo prexudican as seguintes substancias.

- Alcohol: Estómago, cerebro, fígado,...
- Tabaco: pulmón, corazón, pel, alento,...

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

4 Marca cun X as medidas de primeiros auxilios correctas.

Tombarse e levantar as pernas se hai perda do coñecemento.	X
Aplicar amoníaco ou frío en caso de picadura de insectos.	X
Aplicar calor na zona danada en caso de escordaduras ou golpes.	
En caso de insolación dar de beber auga ou unha bebida isotónica.	X

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

5 Completa a táboa cun exemplo de avance da ciencia que mellora a nosa saúde.

Alimentos	<u>O envasado ao baleiro.</u>
Auga	<u>A potabilización da auga.</u>
Vacinas	<u>A vacina da gripe.</u>
Técnicas diagnósticas	<u>As radiografías.</u>
Medicinas	<u>Os antibióticos.</u>
Técnicas cirúrxicas	<u>A microcirurxía.</u>

Valor da resposta correcta 1 pto. Puntuación obtida

6 Observa a escena e resolve.



a) Cres que o neno da imaxe está enfermo? Explica por que.

Si, porque ten unha insolação que é unha perda da saúde. A saúde é un estado de benestar físico, social e mental e este neno non goza de benestar físico.

b) Que hábito saudable debería incorporar?

Uso e crema solar. Debería estar menos tempo exposto ao sol.

c) Que primeiros auxilios lle aplicarías? Indica que cres que lle recomendaría o médico se tivese febre.

Situálo nun lugar á sombra. Ponerlle compresas frias e crema hidratante e darlle auga fresca de beber. Se tiverse febre, levalo ao médico.

d) Que hábito que prexudica a saúde identificas na imaxe? Fai un debuxo dunha persoa e indica os órganos que se están danando.

Fumar

*Debuxo libre.
Comproba que identifiques órganos como: pulmóns, corazón, alento...*

Valor da resposta correcta 4 pts. Puntuación obtida